

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN Á XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E PARA A XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO EN PERÍODO VOLUNTARIO E EN PERÍODO EXECUTIVO. NOVA LICITACIÓN DOUE. EXP. REF. 40-2017. APERTURA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

---

Sendo as 11:45 horas do día 12 de abril de 2018 no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica; don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral; dona María Aranzazu Sastre Carracedo Tesoureira municipal e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, técnico de Contratación, Patrimonio e Fomento.


Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria da mesa a dar lectura ó informe do negociado de rexistro do día 10 de abril de 2018, no que se pon de manifesto que á referida contratación non se presentou, dentro do prazo inicial, ningunha plica no rexistro deste Concello:

Así mesmo informase por parte do Secretaria da mesa da presentación en tempo e forma por correo de 3 plicas:

- **GESTIÓN DE TRIBUTOS TERRITORIAL, SAU.**
- **COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A.**
- **ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A.**

Procédese a continuación á apertura dos sobres A) (documentación administrativa), comprobándose por parte dos membros da mesa que é correcta en tódolos casos, tralo cal se procede á apertura dos sobres B) (PROPOSTA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.).

O PRESIDENTE,



Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



A SECRETARIA,



Asdo.: Ana Tabarés Martínez.